



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguiente **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito en relación con la contaminación de las aguas del embalse de As Conchas en Limia.**

El pasado mes de marzo se presentó una demanda firmada por los vecinos de As Conchas y secundada por diferentes organizaciones de defensa de consumidores y usuarios, así como por organizaciones ecologistas, frente a los ayuntamientos de la comarca, la Xunta de Galicia y la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil por la vulneración de sus derechos fundamentales debido a su inacción ante la contaminación continuada de las aguas del río Limia y del embalse de As Conchas. Argumentaban que las Administraciones implicadas incumplen la Directiva Marco del Agua de la UE que establece que las autoridades deben adoptar medidas para evitar la constante contaminación y degradación del agua y del suelo.

En la zona de Limia y Baixa Limia existen numerosas explotaciones ganaderas intensivas cuyos purines, en concentraciones tan elevadas, si no se tratan adecuadamente, pueden provocar la contaminación de las aguas por nitratos. Así, a modo de ejemplo, el Registro Gallego de Explotaciones Agrarias referido a 2023 cifraba en casi 2 millones el número de cabezas de ganado porcino en la comarca, dando una idea de la alta concentración de purín, por lo que deben adoptarse medidas que impidan que llegue las aguas.

Los vecinos denuncian que las Administraciones implicadas, principalmente la Xunta de Galicia y la Confederación Hidrográfica, no han realizado los controles pertinentes y que ha habido una pasividad total ante una contaminación que se ha incrementado con los años,



hasta el punto de que, especialmente en verano las aguas del embalse están tintadas de verde por la presencia de cianobacterias. En la demanda alegan que esta situación afecta la vida cotidiana de las personas y supone un riesgo para la salud. De hecho, proporcionan informes médicos que recomiendan beber agua embotellada.

Exigen medidas firmes para frenar la contaminación, regenerar las aguas y mejorar la calidad ambiental de los ecosistemas de embalses y ríos. Es necesario que la Confederación Hidrográfica del Miño Sil adopte una posición activa e implemente las acciones necesarias para frenar la contaminación y regenerar las aguas del embalse.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la posición del Ministerio de Transición Ecológica ante el grave deterioro y contaminación que sufre el embalse de As Conchas (Ourense), aguas que son competencia de la Confederación?
2. ¿Tiene conocimiento el Gobierno de la demanda presentada contra varias administraciones públicas, incluida la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia por la inacción y la falta de medidas para evitar la contaminación de las aguas de A Limia, que supone la vulneración de sus derechos fundamentales?



3. ¿Es conocedor el Gobierno de que se está incumpliendo la Directiva Marco del Agua de la UE, que establece que las autoridades competentes deben adoptar medidas para evitar la contaminación constante del agua y del suelo?
4. ¿Qué acciones ha llevado a cabo la Confederación Hidrográfica del Miño Sil a lo largo de los años para evitar la contaminación de las aguas del embalse de Limia y de las Conchas?
5. ¿Qué acciones de control e inspecciones de vertidos se han realizado?
6. ¿Qué medidas adoptará la Confederación Hidrográfica del Miño Sil para frenar el grave deterioro del embalse de As Conchas y garantizar el bienestar de los vecinos?

Madrid, a 19 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

19 ABR. 2025 20:07:21

Entrada **65659**

Sobre as medidas adoptadas pola CHMS para previr a contaminación das augas do encoro das Conchas

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á contaminación das augas do encoro das Conchas na Limia.**

O pasado mes de marzo presentábase unha demanda asinada pola veciñanza das Conchas e apoiada por distintas organizacións de defensa de consumidores e usuarios, así como por entidades ecoloxistas, fronte aos Concellos da comarca, a Xunta de Galiza e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil pola vulneración dos seus dereitos fundamentais ante a súa inacción diante da continuada contaminación das augas do río Limia e do embalse das Conchas. Argumentan que as Administracións implicadas están a incumplir a Directiva marco da Auga da UE que estipula que as autoridades deben adoptar medidas para evitar a constante contaminación e degradacións das augas e do solo.

Na zona da Limia e Baixa Limia existen numerosas explotacións gandeiras de carácter intensivo cuxos xurros, en tan alta concentración, de non tratarse adecuadamente, poden implicar a contaminación das augas por nitratos. Así, por exemplo, o Rexistro Galego de Explotacións Agrarias referido a 2023 cifrou, en case 2 millóns as cabezas de gando porcino na comarca dando unha idea da elevada concentración de ludro, polo que deben adoptarse medidas que impidan que chegue as augas.

A veciñanza denuncia que desde as Administracións implicadas, principalmente a Xunta de Galiza e a Confederación Hidrográfica, non se teñen feito os controis pertinentes e que se mantivo unha total pasividade ante unha contaminación que ao longo dos anos foi en aumento, até o punto que, especialmente no verán,



as augas do encoro tinguense de verde pola presenza de cianobacterias. Na demanda, aléganse que esta situación afecta á vida cotiá da xente e que supón un risco para a saúde, de feito, achegan informes médicos que recomendan beber auga embotellada.

Demandan medidas firmes para parar a contaminación, rexenerar as augas e mellorar a calidade ambiental do encoro e dos ecosistemas fluviais. É preciso que a Confederación Hidrográfica do Miño Sil adopte unha posición activa e poña en marcha as actuacións precisas para frear a contaminación e rexenerar as augas do encoro.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que posición ten o Ministerio de Transición Ecolóxica ante o grave deterioro e contaminación que sofre o encoro das Conchas (Ourense), augas da competencia da Confederación?
2. Coñece o Goberno a demanda presentada contra distintas administracións públicas, incluída a Confederación Hidrográfica Miño Sil, ante o Tribunal Superior de Xustiza da Galiza pola inacción e a falta de medidas para impedir a contaminación das augas da Limia o que vulnera os seus dereitos fundamentais?
3. É consciente o Goberno de que se está a incumprir a Directiva Marco da Auga da UE que estipula que as autoridades competentes deben adoptar medidas para evitar a constante contaminación das augas e do solo?
4. Que actuacións emprendeu a Confederación Hidrográfica do Miño Sil ao longo destes anos para previr a contaminación das augas do Limia e do encoro das Conchas?
5. Que actuacións de control e inspeccións de vertidos se teñen realizado?



6. Que medidas vai adoptar a Confederación Hidrográfica do Miño Sil para pór fin ao grave deterioro do encoro das Conchas e garantir o benestar da veciñanza?

Madrid, a 19 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso